

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2014 pola que se adhiren dúas entidades financeiras ao convenio de colaboración para a bonificación dos custos de financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 €, con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO), suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras adheridas e as sociedades de garantía recíproca (Programa Microcréditos).

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 27 de marzo de 2014, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 € con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO), instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Programa Microcréditos). As ditas bases publicáronse mediante a Resolución do 26 de maio de 2014 (DOG nº 103, do 2 de xuño).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Xa que con datas do 5 e 25 de xuño de 2014, respectivamente, se ratificou a adhesión das entidades financeiras Banco Santander, S.A. e Caixabank, S.A., cómpre facelo público.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12.a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1.a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Único. Engadir as entidades financeiras Banco Santander, S.A. e Caixabank, S.A. á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio de colaboración para a bonifica-



ción dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 €, con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO), asinado o 26 de maio de 2014.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2014

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

